



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 281
10 de novembro de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

■ Do G. P. Socialista de Galicia (doc. núm. 37998) [133031](#)

■ Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38000) [133039](#)

■ Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 38007) [133046](#)

■ Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia [133029](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 7 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (12/PPL-000009, doc. núm. 27520)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de 19)

- Do G. P. Socialista de Galicia (doc. núm. 37998)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38000)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 38007)

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 7 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 27520 (12/PPL-000009)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

BOPG nº 213, do 20.06.2025

G. P. Popular de Galicia: Roberto Rodríguez Martínez (titular) e Alberto Pazos Couñago (suplente)



G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Iago Suárez Fernández (titular) e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (suplente)

G. P. Socialista de Galicia: Paloma Castro Rey (titular) e Patricia Iglesias Rey (suplente)

G.P. Mixto: Armando Ojea Bouzo (titular)

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN
DA LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALICIA (NUM.
EXPE. 12/PPL-000009)**

Emenda n º 1, de Supresión. Artigo 1

Débase suprimir o artigo 1, que introduce un novo artigo 55 bis.

Emenda n º 2, de Adición. Artigo 1 bis

Modifícase o artigo 58.6 da Lei 3/12 do deporte de Galicia, que quedará coa seguinte redacción:

6. O mandato das persoas membros da asemblea xeral e da presidenta ou presidente é de catro anos, e renovarase nos anos en que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno. A presidenta ou presidente non poderá ostentar o cargo durante máis de catro mandatos consecutivos coas seguintes excepcións:

- a) Cando así o acorde a Asemblea Xeral da federación, por maioría cualificada de dous terzos do total de asembleístas, por causas debidamente motivadas.
- b) Cando a única candidatura á presidencia sexa a da presidenta ou presidente anterior.
- c) Nas federacións que carezan de persoal asalariado e nas que o labor directivo sexa esencialmente voluntario.

Asinado o día 31/10/2025 ás
13:32
Por José Ramón Gómez Besteiro



d) Cando concorran razóns de interese deportivo, organizativo ou institucional que xustifiquen a continuidade da presidencia, tales como a existencia de plans estratéxicos plurianuais en execución, a dirección de proxectos ou eventos declarados de interese estratéxico para Galicia, o exercicio de cargos representativos en organizacións estatais ou internacionais da modalidade deportiva correspondente, calquera outro suposto que sexa autorizado motivadamente pola Secretaría Xeral para o Deporte ou outros supostos excepcionais previstos regulamentariamente

7. A efectos do presente apartado non se terán en conta os mandatos finalizados ou en curso no momento da súa entrada en vigor. Non contarán para o límite os mandatos incompletos de duración inferior a dous anos, sempre que a interrupción se produza por causas sobrevidas debidamente xustificadas. Os regulamentos electorais das federacións publicaranse na páxina web das respectivas federacións e na da Administración deportiva autonómica.

Emenda n º 3, de Adición. Artigo 1 ter

Modifícase a letra k) do artigo 116, da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que terá a seguinte redacción:

k) O incumprimento grave e reiterado dos acordos da asemblea xeral, dos regulamentos federativos aprobados pola Administración deportiva, dos estatutos federativos ou do Código de Bo Goberno, cando produza unha afectación substancial ao funcionamento democrático da federación, á integridade da súa xestión económica ou á transparencia no exercicio do cargo. Entenderanse comprendidos neste tipo os incumprimentos de extrema gravidade do Código de Bo Goberno, particularmente aqueles que impliquen uso indebido do patrimonio federativo, conflito de intereses deliberado, ocultación de información económica relevante ou





calquera outra conduta que atente contra os principios esenciais de bo goberno e de integridade institucional.

Emenda n º 4, de Adición. Artigo 1 quater

Engadir unha nova letra k) no artigo 117 á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, coa seguinte redacción:

k) Os incumprimento dos acordos da asemblea xeral, dos regulamentos federativos aprobados pola Administración, dos estatutos federativos ou do Código de Bo Goberno que non reúnan as características dos supostos recollidos no artigo 116.k) e sen prexuízo do previsto, con carácter especial, na letra m) deste artigo.

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 1 quintus

Modifícase o artigo 125 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, coa seguinte redacción:

Artigo 125

As resolucións que dite o Comité Galego de Xustiza Deportiva en primeira instancia non esgotan a vía administrativa e poderán ser recorridas en reposición ante o propio Comité.

Pola contra, as resolucións que o Comité dite en segunda instancia poñen fin á vía administrativa e non son susceptibles de ulterior recurso en sede administrativa, podendo ser impugnadas directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa.



Emenda n º 6, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 3

Proponse unha nova redacción para o punto 1 do artigo 3, que terá o seguinte contido:

1.As infraccións moi graves prescribirán aos 6 anos, as graves aos 4 e as leves ao ano; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos 6 anos, as impostas por faltas graves aos 4 anos e as impostas por faltas leves aos 2 anos.

Emenda n º 7, de Modificación. Artigo 4

Proponse unha nova redacción para o artigo 4, que terá o seguinte contido:

Engádese un novo artigo, o 166, á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, coa seguinte redacción:

Artigo 166. Concorrenza de procedementos penais, administrativos e disciplinares

1. A incoación dun proceso penal non será obstáculo para a iniciación, se é o caso, dun procedemento administrativo e disciplinario polos mesmos feitos, pero non se ditará resolución neles ata que recaia sentenza ou auto de sobresemento firmes na causa penal. En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que poña termo ao proceso penal vinculará á resolución que se dite nos procedementos administrativo e disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha ou noutra vía. Só poderá recaer sanción penal, administrativa e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non exista identidade de fundamento xurídico.

2. Cando a unha mesma persoa física ou xurídica e con identidade de feitos lle resulten simultaneamente aplicables sancións



administrativas e disciplinarias previstas na presente lei, será de tramitación preferente o procedemento administrativo sancionador. Cometido o feito infractor en que poida producirse concorrencia de responsabilidade administrativa e disciplinaria, o órgano competente para a instrución de cada un dos procedementos estará obrigado a inicialo e a notificar a incoación do expediente ao órgano recíproco, administrativo ou federativo, segundo o caso.

3. Cando un órgano federativo reciba a notificación de incoación dun expediente administrativo sancionador relativo a suxeitos e feitos idénticos aos que estean dando lugar á tramitación dun expediente disciplinario, suspenderá a tramitación do procedemento, notificándoo ao órgano administrativo que tramite o procedemento sancionador. No caso de que non exista identidade de suxeitos, feitos ou fundamentos xurídicos, poderá non obstante continuar a tramitación do procedemento disciplinario.

4. Unha vez rematado o expediente administrativo sancionador, o órgano competente para resolvelo notificará o acordo resolutorio ao órgano disciplinario federativo que comunicou a suspensión do procedemento, quen levantará a suspensión e adoptará un dos seguintes acordos:

a) Continuar o procedemento disciplinario cando non exista identidade de fundamentos xurídicos para a imposición da sanción, ou cando habéndoa, a sanción administrativa sexa inferior á que poida corresponder como consecuencia do procedemento disciplinario.

b) Acordar o arquivo das actuacións cando exista identidade de fundamentos xurídicos e a sanción administrativa sexa igual ou superior á que poida impoñerse como consecuencia do procedemento disciplinario.

5. No caso de que o órgano disciplinario decida continuar o procedemento sancionador por existir identidade de fundamentos xurídicos pero ser a infracción susceptible dunha sanción superior á





administrativamente imposta, a resolución do expediente disciplinario reducirá a sanción aplicable na contía ou entidade que corresponda pola aplicación da sanción administrativa previa, facendo constar expresamente a contía da redución na resolución do procedemento.

6. No caso de que recaia unha resolución xudicial que anule total ou parcialmente a sanción administrativa, o órgano que a ditou notificará este feito ao órgano disciplinario federativo que en o seu día lle comunicase a incoación do procedemento, a fin de que este proceda ao arquivo das actuacións, salvo que non exista identidade de fundamentos xurídicos entre a sanción administrativa anulada e a eventual sanción disciplinaria que poida impoñerse, en cuxo caso procederá conforme ao disposto no apartado 4, letra a) deste artigo.

Emenda n º 8, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débese suprimir esta disposición adicional



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/10/2025 13:32:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 13:32:40
Nº Rexistro: 37998
Data envío: 31/10/2025 13:32:40,702

CSV: BOPGDSPG-fUARyvBOM-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 13:32:40
Nº Rexistro: 37998
Data envío: 31/10/2025 13:32:40,702

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 13:32:41

CSV: BOPGDSPG-tUARyvB0m-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROPOSICIÓN DE LEI DE
MODIFICACIÓN DA LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE
GALICIA (NUM. EXPE. 12/PPL-000009)**

Emenda n º 1, ao apartado 2. d), de Adición. Artigo 1

No artigo 1 que engade un novo artigo 55 bis na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, engadir no subapartado d) do apartado 2 do artigo 55 bis o seguinte texto in fine:

“Sempre que as transaccións económicas que se produciren nos pretextos anteriormente mencionados non superen a cantidade de 1.000 euros cada tres meses.”

Emenda n º 2, ao apartado 2. e), de Modificación. Artigo 1

No artigo 1 que engade un novo artigo 55 bis na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, substituír o texto do subapartado e) do apartado 2 do artigo 55 bis polo seguinte:

“ e) A incompatibilidade, salvo nas Federacións onde se demostre debidamente a incapacidade de remuda, do cargo de presidente, de vicepresidente e de membro da xunta directiva, da comisión delegada ou da asemblea xeral, así como de calquera outro cargo directivo federativo co exercicio de funcións retribuídas de asesoramento profesional con esa federación ou coa prestación de servizos profesionais diferentes dos que implique o cargo, e baixo relación laboral, civil ou mercantil. Esta incompatibilidade condicional á capacidade das determinadas Federacións, esténdese

Asinado o día 31/10/2025 ás
14:01
Por Ana Pontón Mondelo



igualmente aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva, ascendentes e descendentes, así como a parentes en segundo grao por consanguinidade ou afinidade das persoas a que se refiren os parágrafo anterior”.

Emenda n º 3, ao apartado 2. i), de Modificación. Artigo 1

No artigo 1 que engade un novo artigo 55 bis na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, substituír o texto do subapartado i) do apartado 2 do artigo 55 bis polo seguinte:

“i) O presidente ou presidenta da federación non poderá ostentar o cargo durante máis de catro mandatos consecutivos salvo que se dea algún dos seguintes casos:

-Que haxa acordo de continuidade dunha presidencia por maioría cualificada de tres quintos do plenario da Asemblea Xeral da federación.

- Que a única candidatura á presidencia sexa a da presidenta ou presidente anterior.

- Que a federación determinada careza de persoal asalariado e/ou o labor directivo sexa exercido de maneira voluntaria e non retribuída economicamente.

-Que concorran razóns, debidamente evidenciadas, de interese deportivo, organizativo ou institucional que xustifiquen a continuidade da presidencia.”

Emenda n º 4, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 1



No artigo 1 que engade un novo artigo 55 bisna Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, substituír o texto do primeiro parágrafo do apartado 3 do artigo 55 bis polo seguinte:

“3. As federacións deportivas galegas deberán cumprir as obrigas de publicidade activa contempladas na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ou normativa que a substitúa. Ademais, recoméndase que aquelas federación que teñan a capacidade de o facer, publiquen nas súas respectivas páxinas webs:”

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 3 bis

Engadir un novo artigo 3 bis no que se engade un novo artigo 165 bis, á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, coa seguinte redacción:

“Artigo 165 bis. Educación e concienciación ante a violencia no deporte e pola igualdade.

1. A Xunta de Galiza traballará activamente na educación, concienciación e sensibilización para evitar posíbeis casos de violencia no deporte e sobre a necesidade da igualdade efectiva entre homes e mulleres no ámbito deportivo. Para conseguir estes obxectivos, o goberno galego disporá os medios necesarios tanto económicos como humanos ás federacións, clubs e entidades deportivas.

2. O traballo da Xunta de Galiza de cara á educación e concienciación sobre a violencia no deporte e a necesidade da igualdade artellarase a redor das seguintes medidas:

a) Formar, informar e educar sobre a necesidade da igualdade e contra a violencia no deporte con perspectiva de xénero a todas as persoas que realizan funcións dentro dos departamentos da Xunta de Galiza competentes en materia de deporte; ás persoas



traballadoras e directivas das distintas federacións deportivas galegas, así como ao persoal encargado do desenvolvemento do deporte escolar nos centros educativos de Galiza.

b) Realizar estudos estatísticos sobre roles, situación económico-profesional deportiva das mulleres e as persoas LGBT no deporte galego, así como de avaliación respecto de eventuais casos de violencia no deporte. Tales estudos estatísticos deberán realizarse cunha periodicidade cuadrienal, a través do correspondente financiamento público.

c) Fortalecer e ampliar as relacións de cooperación e coordinación entre os departamentos do goberno galego competentes en materia de igualdade e de deporte, coa finalidade de lograr unha maior eficiencia e eficacia á hora de impulsar as necesarias políticas públicas no ámbito deportivo baixo condicións de igualdade real e efectiva.

d) Garantir, con cargo aos orzamentos da Xunta de Galiza, os medios económicos precisos para combater a violencia e a fenda de xénero no deporte.

e) As entidades ou persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos deberán adoptar medidas adecuadas para evitar calquera tipo de violencia, ameaza, intimidación, acoso, prexuízo ou calquera expresión constitutiva de condutas machistas e LGBTfóbicas en xeral. Así mesmo, deberán adoptar as medidas adecuadas para garantir o cumprimento por parte das persoas espectadoras das normas e condicións de acceso e permanencia nas diferentes instalacións e recintos deportivos galegos, de tal forma que se garanta o respecto a todas as persoas, sen exclusións de ningún tipo.

f) A Xunta de Galiza creará o “Punto Lila”, como espazo accesíbel e seguro que garanta o anonimato para facilitar a denuncia ou comunicación voluntarias, de calquera conduta violenta (de carácter físico ou psíquico) que eventualmente se puidese producir



no ámbito de deporte, atentatoria contra a igualdade entre homes e mulleres ou contra a orientación, diversidade ou identidade sexuais.

g) As persoas que foren denunciadas no referido “Punto Lila” (previa comprobación da veracidade dos feitos denunciados), así como aquelas persoas que amosaren comportamentos machistas durante a práctica deportiva veranse privadas de acceder aos diversos recintos deportivos, durante o tempo establecido nas sancións que lles foren impostas e, de ser o caso, demandarase auxilio policial ou xudicial (se se precisar) para impedir a entrada a ditas instalacións deportivas.

h) Realizaranse cursos formativos en materia de igualdade no deporte que abranguerán todas as entidades publicas e as distintas federacións deportivas.

i) A Xunta de Galiza realizará campañas periódicas de sensibilización nesta materia nos medios públicos e privados, alertando sobre condutas machistas no deporte e destinaranse, de maneira especial, á mocidade. Así mesmo, realizaranse campañas periódicas informativas sobre igualdade de xénero e diversidade sexual xunto cos valores do respecto e da cooperación, como valores básicos en materia deportiva."

Emenda n º 6, de Modificación. Disposición adicional primeira

Na disposición adicional primeira substituír o texto: “No prazo de 6 meses dende a entrada en vigor desta Lei”, polo seguinte: “No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei.”



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2025 14:01:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38000
Data envío: 31/10/2025 14:01:45,349

CSV: BOPGDSPG-fUARyvBOM-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 14:01:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38000
Data envío: 31/10/2025 14:01:45,349

CSV: BOPGDSPG-fUARyvBOM-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA
LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALICIA (NUM. EXPE.
12/PPL-000009)**

Emenda n.º 1, de Modificación. Artigo 1

Modifícasen as letras d) e e) e i) do apartado 2 do novo artigo 55.bis, introducido polo artigo 1, da proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que quedan redactadas nos seguintes termos:

"d) O presidente, vicepresidente e membros da xunta directiva, comisión delegada ou da asemblea xeral, así como calquera outro persoal directivo federativo deberán subministrar información relativa á existencia de relacións de carácter contractual, comercial ou familiar con provedores ou entidades que teñan vínculos comerciais ou profesionais coa federación da que forman parte.

e) A incompatibilidade do cargo de presidente, de vicepresidente e de membro da xunta directiva, da comisión delegada ou da asemblea xeral, así como de calquera outro cargo directivo federativo co exercicio de funcións retribuídas de asesoramento profesional con esa federación ou coa prestación de servizos profesionais diferentes dos que implique o cargo, e baixo relación laboral, civil ou mercantil.

i) O presidente ou presidenta da federación non poderá ostentar o cargo máis de catro lexislaturas. Non obstante o anterior, poderá optar a un único mandato adicional no suposto de que a súa sexa a única candidatura á presidencia, ou cando así o aprobe expresamente dous terzos dos membros da Asemblea xeral."





Emenda n º 2, de Modificación. Disposición adicional primeira

Modifícase a disposición adicional primeira da proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que queda redactada como segue:

"Disposición adicional primeira. *Código de goberno*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei as federacións deportivas galegas aprobarán en asemblea o seu código de bo goberno, nos termos establecidos no artigo 55 bis. O establecido na letra i) do punto 2 deste artigo non terá en conta os mandatos anteriores ou vixentes no momento de entrada en vigor desta norma."

Emenda n º 3, de Adición. Nova disposición adicional

Engádesse unha nova disposición adicional, nos seguintes termos:

<<Disposición adicional quinta.- *Modificación do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.*

O Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, queda modificado como segue:

Un. Os números 2, 3 e 4 do artigo 12, do censo electoral inicial, quedan redactados do seguinte modo:





“2. Este censo será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación e nas súas delegacións, así como na páxina web da federación nunha sección denominada “procesos electorais”, durante dez días hábiles para os efectos de que as posibles persoas electoras poidan presentar aclaracións, rectificacións ou reclamacións dentro do mesmo prazo, mediante escrito remitido á xunta directiva, que valorará os escritos presentados e procederá, se é o caso, á emenda ou corrección do censo electoral inicial no prazo de cinco días hábiles.

No citado prazo as entidades poderán solicitar que figure como representante delas no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

3. Rematados os prazos indicados no número anterior, remitirase o censo electoral inicial xunto coas aclaracións, rectificacións ou reclamacións ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, no prazo de cinco días hábiles e en soporte informático apto para tratamento de textos e datos, e irá xunto cunha relación das competicións oficiais de acordo cos calendarios deportivos oficiais aprobados da tempada do ano en que se realizan as eleccións e as dos dous anos anteriores. No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais nos períodos indicados anteriormente, remitirase a relación de competicións oficiais na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

4. A Secretaria Xeral para o Deporte, recibida a documentación anterior, comprobará que as entidades deportivas figuran inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e que as competicións oficiais están incluídas no calendario deportivo oficial. No caso de que as entidades non figuren inscritas ou as competicións non estean incluídas no calendario deportivo oficial, emitirá un certificando no prazo de cinco días facendo constar esta circunstancia”.





Dous. O número 3 do artigo 13, Do censo electoral provisional, queda redactado do seguinte modo:

“3. O censo electoral provisional será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación e das delegacións territoriais, de habelas, así como na páxina web da federación nunha sección denominada “procesos electorais” ou, de non tela, na da Secretaría Xeral para o Deporte por un prazo mínimo de cinco días, dentro dos que se poderán presentar as reclamacións que se consideren oportunas ante a xunta electoral”.

Tres. O número 3 do artigo 17, Da aprobación do regulamento electoral, queda redactado do seguinte modo:

“3. A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse cinco días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento.”

Catro. O número 1 do artigo 35, Das persoas candidatas á asemblea electoral, queda redactado do seguinte modo:

“1. Poderá ser candidata a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito á devandita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establecerase un prazo que non será inferior a tres días nin superior a cinco días hábiles contados desde a publicación do censo definitivo.”>>

Emenda nº 4, de Adición. Nova disposición adicional





Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

<<"Disposición adicional sexta. Modificación do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Un. O número 1 do artigo 30, *Obxecto*, queda redactado do seguinte modo:

"1. O Comité de Xustiza Deportiva tramitará e resolverá a través do procedemento regulado nesta sección os asuntos que versen sobre os actos ou omisións que se produzan relativos:

a) Aos de carácter organizativo-competicional que poidan xurdir en relación coa organización das competicións oficiais e que non teñan reflexo no réxime disciplinario deportivo.

b) Ao control administrativo respecto das funcións públicas encomendadas ás federacións.

c) Ás impugnacións realizadas pola Administración da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto polo artigo 57.6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

d) Á responsabilidade disciplinaria regulada nos artigos 57.2 e 62.3 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia."

Dous. O artigo 55, *Obxecto e natureza*, queda redactado do seguinte modo:

"1. O Comité Galego de Xustiza Deportiva tramitará e resolverá a través do procedemento en materia electoral federativa os recursos que presenten contra as resolucións das xuntas electorais das federacións deportivas. Tamén coñecerá das reclamacións contra a convocatoria das eleccións federativas e contra o acordo da asemblea de aprobación do regulamento electoral.





2. O procedemento en materia electoral é de natureza sumaria e de cognición limitada, cinguíndose ás reclamacións formuladas respecto ao proceso electoral federativo".>>

Emenda n º 5, de Adición. Nova disposición adicional

En cumprimento do estipulado no Informe de impacto de xénero relativo á proposición de Lei de modificación da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia e no ámbito da linguaxe non sexista da norma, preséntanse os seguintes cambios:

- a) Nos artigos 3.g), 4.i), 4.l), 5.1.m), 5.1.p), 5.1.t), 11, 21.1.b), 21.1.c), 24.1, 28.3), 31, 32, 33, 34, 36, 37, 51.1, 56.2.a), 56.2.c), 65, 83.3, 87.4, 87.5.b), 97.2.f), 98.5, 108, 130, 131, 132, 133, onde di “deportista”, debe dicir “persoa deportista”.
- b) Nos artigos 16.2, 35.1, 38, 51, 83.1.e), 87.4, 87.5.b), 97.2.b), 98.5, 117.f) onde di “técnico”, debe dicir “persoa técnica”.
- c) Nos artigos 35, 38, 56.2.f), 131.3, 131.4, onde di “adestrador”, debe dicir “persoa adestradora”.
- d) Nos artigos 47, 87.5.b), onde di “socio” debe dicir “persoa socia”.
- e) Nos artigos 105.4, 106.1.a) onde di “xuíz”, debe dicir “xuíz e xuíza”.
- f) Nos artigos 35, 38, 51, 56.2.f), 87, 97, 105.5, 106.1.a) Onde di “árbitro”, debe dicir “árbitro e árbitra”.
- g) Nos artigos 28.5, 44.3, 52.2, 55, 57.2, 58, 62, 92, 93.1.e), 95.2, 109, 110.2, 147.1.d), 161.2, onde di “membro”, debe dicir “persoa membro”.
- h) Nos artigos 62.2, 87.1, 95.1, 159, 162, Onde di “suxeito”, debe dicir “persoa”.





i) Nos artigos 147.f), 87, 93.1.e), 98.1.g), 98.1.h), 110.2, 120.j), 131, 162.1, onde di “directivo”, debe dicir “persoa directiva”.

j) No artigo 92.1 onde di “licenciado”, debe dicir “licenciado ou licenciada”.

k) Nos artigos 55.d), 58.2, 92.3, onde di “integrante”, debe dicir “persoa integrante”.

l) No artigo 114 onde di “inspector”, debe dicir “inspector ou inspectora”.

Alberto
Pazos
Couñago

Firmado digitalmente por: Alberto
Pazos Couñago
ND: CN = Alberto Pazos Couñago
email =
alberto.pazos.counago@parlament
odegalicia.es
Fecha: 2025.10.31 16:35:39 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 31/10/2025 16:35:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:37:23
Nº Rexistro: 38007
Data envío: 31/10/2025 16:37:23.359

CSV: BOPGDSPG-iUARyvB0m-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:37:23
Nº Rexistro: 38007
Data envío: 31/10/2025 16:37:23.359

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 16:37:26

CSV: BOPGDSPG-IUARyvB0m-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-IUARvBOM-8

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

